

Estruturas colexiais viables

María Rosa Álvarez Prada, Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Boas tardes. En primeiro lugar, gustaríame felicitar á Unión Profesional de Galicia por organizar estas xornadas e polo interesantes que están resultando. No nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, institución á que represento, é para nós un pracer compartir estas xornadas con todos vostedes.

O obxectivo da miña intervención é demostrar a viabilidade das estruturas colexiais, institucións nas que creo e á que no meu caso levo pertencendo durante os últimos 25 anos, convencida da súa necesidade e da súa importante función social, e por coherencia persoal, traballei sempre para que exercese a súa función do xeito óptimo, tanto como colexiada como desde a miña situación actual, como Decana.

Os colexios profesionais, tal e como recolle a lexislación española, son corporacións de Dereito Público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Tales fins son a ordenación das profesións, a representación exclusiva das mesmas e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados. Unha definición que para todos e todas é coñecida e que marca, indubidablemente, a natureza das estruturas colexiais: ou a colexiación é obrigatoria, ou simplemente, non existirán os colexios como tal, porque perderán o seu sentido e a súa función social.

Co anteproxecto da Lei de Servizos Profesionais, que está circulando actualmente e que o Goberno español pretende aprobar, no nome do libre mercado, producírase unha modificación das actuais estruturas colexiais innecesaria, non demandada e con graves

prexuízos para os profesionais e para a cidadanía. Este anteproxecto parte da necesidade de traspoñer unha directiva europea que garanta a liberdade de establecemento e a libre circulación dos servizos, condicións que non entran para nada en conflito coa colexiación obrigatoria.

Gustaríame poñer por caso as circunstancias da profesión que exerzo, a da psicoloxía, e a grave situación na que nos veríamos afectados tanto profesionais como cidadáns de saír adiante este anteproxecto de lei. As profesións tituladas e reguladas, a nosa como a da de moitos dos asistentes, sempre esixiron a colexiación obrigatoria, e non por criterios de elitismo ou de corporativismo. A colexiación actúa como garantía para o mellor control da súa actividade profesional, xa que se tratan de profesións de interese público. Deste xeito, conseguíase asegurar o mellor posible que o exercicio fose coas máximas garantías de seguridade, eficiencia, eficacia e esixencia deontolóxica. A psicoloxía afecta a áreas extraordinariamente sensibles da saúde, da seguridade, da protección e do coidado das persoas, e unha mala praxe pode ter unha repercusión directa e irreversible sobre a integridade física ou sobre a saúde. Isto non é unha información banal nin pretenciosa, senón que busca dar a entender as implicacións da execución desta profesión a través dun razoamento simple e comprensible da xustificada necesidade da regulación mediante a colexiación obrigatoria.

A sorpresa para o noso colectivo foi ver como neste borrador do anteproxecto da Lei dos Servizos Profesionais, que recolle 17 actividades que requirirían a colexiación obrigatoria, a Psicoloxía é unha das excluídas, cando existe un consenso xeral en que se trata dunha actividade sanitaria imprescindible.

Neste anteproxecto recóllese o seguinte:

“Só poderá esixirse a colexiación obrigatoria para o acceso a unha profesión titulada cando por motivos de interese xeral e para a mellor ordenación da profesión se considere máis proporcionado que o control do seu correcto exercicio se leve a cabo por un Colexio Profesional, no canto de mediante o control directo pola Administración ou por outros medios.

Para iso teranse en conta a complexidade do servizo profesional que se presenta e as vantaxes que achega contar cunha estrutura organizativa colexial que, en aplicación dos principios de proximidade, economía, eficiencia e especialización, poida levar a cabo as funcións de control de forma máis eficiente para unha mellor protección dos consumidores e usuarios dos servizos profesionais”.

A partir deste artigo extraído do propio anteproxecto, propónse a cuestión da miña intervención: ¿son viables as estruturas colexiais? Unha pregunta que levará finalmente á seguinte conclusión: é inviable deixar as funcións colexiais na Administración ou nas mans do libre mercado. Antes de proceder a reflexionar sobre os argumentos da viabilidade dos organismos colexiais, gustaríame indicar que a outra opción que recolle esta lei é o regulamento a través de asociacións profesionais, de adscrición voluntaria, colectivos que perderían o sentido completamente como entidades reguladoras e garantes de calidade. Ademais, o prexuízo para o cliente é evidente, xa que fai recaer o peso de verificar o correcto exercicio profesional sobre o usuario, dado que tal e como se recolle neste anteproxecto, queda nas mans do usuario comprobar a fiabilidade do profesional, solicitándolle comprobantes dos coñecementos técnicos, da eficacia, da

calidade, da experiencia e da súa fiabilidade, esixíndolle o título, unha relación dos servizos prestados ou certificados dos clientes. É dicir, que a garantía que ofrecía o Colexio pasará a ser certificada, se así o solicita, o usuario. Pensemos na situación absurda de que unha persoa que estea buscando un psicólogo ou psicóloga vaia pedindo certificados dos clientes para asegurarse de que se trata dun profesional con garantías, e non na confianza que hoxe transmite ver debaixo do seu nome o número de colexiado.

Non é unha pataleta dos profesionais da psicoloxía, nin moito menos desde os colexios, demandando a existencia desta institución porque si. Estamos convencidos de que o exercicio da psicoloxía non pode situarse, baixo ningún concepto, no ámbito da adscrición voluntaria, e achegamos argumentos de carácter sanitario, económico, xurídico e social para demostrar a viabilidade da nosa estrutura colexial.

O anteproxecto da Lei de Servizos Profesionais constitúe unha reforma lexislativa baseada en recomendacións de organismos internacionais e europeos e no compromiso do Estado de desenvolver a chamada Lei Ómnibus (Lei 25/2009 do 22 de decembro). Esta lei establece o seguinte:

“O Proxecto de Lei que determine as profesións para cuxo exercicio é obrigatoria a colexiación deberá prever a continuidade na devandita obriga naqueles casos que se fundamente como instrumento eficiente de control do exercicio profesional para a mellor defensa dos destinatarios dos servizos e naquelas actividades en que poidan verse afectadas, de maneira grave e directa, materias de especial interese público, como poden ser a protección da saúde, da integridade física ou da seguridade persoal ou xurídica das persoas físicas”.

Non só se dan algunhas, senón a maioría das circunstancias mencionada, xustificando a continuidade na colexiación obrigatoria.

A Unión Europea, na directiva a traspoñer nesta lei, recolle que os réximes de autorización, como a colexiación obrigatoria, deben cumprir unha serie de principios: a non discriminación, a necesidade xustificada por razón imperiosa de interese xeral, a proporcionalidade e a non substitución. No caso dos profesionais da psicoloxía, estes principios cúmprense, xa que non é discriminatoria, está xustificada por razóns de interese xeral e non pode substituírse por unha medida menos restritiva, dado que é o instrumento máis eficiente para a vixilancia e o control do exercicio profesional, a defensa dos usuarios e a calidade e a mellora dos servizos.

Por outra banda, no caso da psicoloxía, aínda que o exercicio é moi recente desde o punto de vista histórico, nas últimas dúas décadas conseguiu consolidarse no noso país como unha actividade profesional regulada e titulada, dentro do ámbito sanitario. O Grao de Psicoloxía está na rama de Ciencias da Saúde da oferta académica universitaria. Case 60.000 psicólogas e psicólogos exercen tanto no sector público como no privado, mantendo e promovendo a saúde da poboación española. E todo, cunha estrutura colexial actual e moderna, que cumpre as máximas esixencias de vertebración territorial, transparencia, representación democrática, liberdade de acceso e exercicio con habilitación única, calidade e mellora continua dos servizos e máxima protección dos usuarios a través do desenvolvemento e da aplicación dun rigoroso código deontolóxico.

Trátase dun sector de actividade moi dinámico, variado, de carácter sensible e de extraordinaria complexidade, actualizado na súa regulación e ordenado a través das estruturas colexiais. Trasladar ás administracións a responsabilidade última, substituíndo o sistema actual por un rexistro e unha tutela administrativa, non pode ser cualificado máis que de irresponsabilidade grave. Pola contra, unha colexiación voluntaria non achegaría ningunha mellora en canto á competitividade (que é o que se pretende a través desta lei) nin elementos de modernización ou de racionalización adicionais na súa estrutura colexial española actual. Nin tan sequera ofrecería unha maior mobilidade xeográfica dentro da Unión Europea, xa que moitos países contan con estruturas de representación profesional similares e equivalentes, mesmo con maiores competencias delegadas polas Administracións Públicas.

Xa a nivel sanitario, no anteproxecto de Lei de Servizos Profesionais compróbase que a maior parte das profesións deste ámbito son de colexiación obrigatoria, circunstancia que non se dá no exercicio da Psicoloxía. Cremos que non pode propoñerse a adscrición voluntaria, xa que estamos diante dunha profesión que afecta de forma directa e irreversible á saúde das persoas. É indiscutible, está así consensuado, que se trata dunha actividade dentro da rama das Ciencias da Saúde, e desde 1998 está recollido por primeira vez na lexislación española. Volvemos aos argumentos xa recollidos citando as especificidades desta actividade: actúan na prevención, avaliación, diagnóstico e tratamento dos trastornos psicolóxicos, directamente coas persoas, e procuran o benestar das persoas en colaboración con outros ámbitos da sanidade. Ao estarmos diante dun sector cun desenvolvemento recente, a súa estrutura colexial tamén é moderna e actual, e en ningún caso actúa como barreira, senón que favorece a

liberdade de acceso e a libre competencia, tendo como obxectivo a máxima protección dos usuarios. Neste sentido, a colexiación obrigatoria demostrouse como o instrumento máis eficiente para a vixilancia e o control do exercicio profesional, a defensa dos usuarios e a calidade e a mellora dos seus servizos.

Aténdonos a criterios económicos, que parece que é o prioritario hoxe en día, comprobamos que a supresión da obriga da colexiación non achega ningún tipo de aforro nin beneficio nin para as arcas públicas nin para os usuarios, máis ben todo o contrario. O feito de que as Administracións Públicas tivesen que asumir o actual papel que exercen os colexios, unha actividade que non ten custo para o Estado (de feito, xera unha importante actividade económica), esixirá a asignación de importantes recursos humanos e materiais, tanto a nivel estatal como autonómico. Ademais, a posta en marcha de procedementos de supervisión, tutela, acreditación e rexistro administrativo, no nome do libre mercado, parece unha actitude cando menos, máis intervencionista e pouco coherente. En todo caso, sería desaproveitar unha estrutura que funciona e é eficiente, como é a dos colexios, para substituíla por unha nova carga administrativa que ao máximo que pode aspirar é a ser tan eficiente como é a actual.

A función colexial, como comentaba ao principio da miña intervención, perde o seu sentido ao falar de adscrición voluntaria. Un colexio voluntario non poderá actuar como garante da mellor defensa dos usuarios, controlando e vixiando a prestación dos servizos e xestionando as queixas, co cal a xestión das queixas tería que pasar tamén á Administración Pública. Igualmente acontecería con infraccións, co exercicio irregular da profesión, etc. Novas cargas sobre as arcas públicas. A función de control só é

asumible por parte dos colexios cando existe a obriga da adscrición e se pode exercer de xeito universal. ¿Cal sería o mal profesional que se sometería a un control voluntario?

E todas as funcións paralelas que prestan os colexios, como o asesoramento, a consulta e a interlocución, perderían a súa efectividade ao representar unicamente unha parte da profesión. Os colexios de psicoloxía manteñen interlocucións e prestan servizos a concellos, consellerías, deputacións, organismos ministeriais, universidades, entidades sociais...

De feito, abriríase un novo escenario no que se establecería unha dualidade entre profesionais colexiados e non colexiados, no que estes últimos carecerían de cuestións como os procedementos de autorregulación deontolóxicos, a oferta de formación continua, ou os servizos de información e actualización profesional nun ámbito que está en constante desenvolvemento académico, práctico e normativo. Pero a repercusión sería tamén negativa sobre os profesionais colexiados, xa que ao minguar os recursos dispoñibles, minguarían tamén as posibilidades de ofrecer servizos.

En conclusión, duplicaríamos unha estrutura que xa funciona, autoxestionada e eficiente, como é a dos colexios, para crear unha nova na Administración, que consuma recursos e que non achegue maior beneficio nin aos usuarios nin aos profesionais. Novamente vemos como a colexiación ou é obrigatoria, ou carece de sentido.

Non é menor tamén a importancia das materias nas que ten competencia o exercicio da psicoloxía, como acontece cos profesionais que exercen nos corpos e forzas de seguridade do Estado, Protección Civil, psicotécnicos, avaliación e expedición de

certificacións de aptitude psicolóxica para a tenza de animais perigos, de armas, licencias de tripulacións de voo, no ámbito forense, na protección e na asistencia ás vítimas (terrorismo, violencia de xénero...), protección e custodia de menores, institucións penitenciarias, servizos sociais, etc. En definitiva, moitos ámbitos que teñen unhas regulacións moi pormenorizadas porque afectan a aspectos substanciais para a integridade física, a saúde e a seguridade das persoas, directa e indirectamente.

De feito, a colaboración entre as institucións colexiais e os diferentes departamentos ten revertido sempre no beneficio da comunidade e no interese xeral. Se os colexios quedan debilitados a través da adscrición voluntaria, a súa capacidade para crear sinerxías con outras institucións, organismos ou departamentos, tamén se verá gravemente afectada.

Como vimos de ver, a colexiación obrigatoria non implica en ningunha das súas dimensións, prexuízo para o exercicio libre da profesión por parte do profesional. Non establece restricións para a liberdade da prestación de servizos, nin para o libre establecemento dos profesionais, nin corporativismos proteccionistas, nin repercute nunha fixación de prezos prexudicial para o usuario.

Así pois, tal e como mencionaba anteriormente, a colexiación, ou é obrigatoria, ou carece de sentido. A alternativa dun sistema dual, cun colexio feble e unha Administración insuficiente e pouco eficaz, é o realmente inviable, tal e como anunciabamos. Poño por caso a situación dos Colexios Oficiais de Psicoloxía, que estamos loitando por evitar que esta lei desfaga o traballo que levamos defendendo

desde hai anos, pero seguro que profesionais doutros campos se ven reflectidos nesta intervención.

Está solidamente argumentado que as actuais estruturas colexiais son viables, e que o inviable é o escenario que se nos propón no Anteproxecto da Lei de Servizos Profesionais. A colexiación obrigatoria é o instrumento máis eficiente, economicamente, para unha adecuada regulación profesional. Permite a súa óptima representación democrática, a interlocución coa Administración, e a súa lexítima defensa e promoción. Os colexios profesionais, como corporacións de dereito público e polo seu funcionamento autónomo, asumen funcións que benefician ao conxunto da sociedade; promoven e preservan os principios de equidade, integridade e excelencia, reforzando continuamente a súa responsabilidade social.

Xa para pechar a miña intervención, sinalar que non existe ningún outro instrumento que sexa máis eficiente para substituír as funcións dos colexios profesionais. Desde os diferentes Colexios Oficiais de Psicoloxía do conxunto do Estado, o galego tamén, por suposto, estamos dispostos a defender a viabilidade e a necesidade das nosas corporacións, como puideron comprobar, con sólidos fundamentos. A nosa preocupación é máxima, diante do silencio do Ministerio de Economía y Competitividad, ao non pronunciarse sobre a demanda da inclusión da psicoloxía entre as actividades profesionais de colexiación obrigatoria.

En todo caso, confiamos en que este Anteproxecto de Lei dos Servizos Profesionais non sexa definitivo, que se revise e que teñan en conta as nosas demandas. Non parece lóxico tocar as estruturas colexiais cando non xeran malestar social, nin inqueda

entre os profesionais, senón que son apreciadas polos tanto polos prestatarios dos servizos profesionais como polos propios usuarios finais que as ven como controis de calidade; nin é razoable, máis nestes tempos, incrementar as cargas administrativas para asumir un rol exercido eficazmente polos colexios profesionais.

Agradézolles a atención prestada e quedo á súa disposición para calquera cuestión que desexen realizarme e para afondar máis no tema no posterior coloquio.

Moitas grazas.